



BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSIBLES NOMEAMENTOS INTERINOS DE EDUCADOR/A SOCIAL POR OPOSICIÓN

1ª.- Obxecto da convocatoria.-

O obxecto das presentes bases é o de regular o procedemento de selección para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino, correspondente a prazas de educador/a social, integradas na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, clase Técnicos medios, pertencente ao grupo de clasificación A subgrupo A2 de funcionarios, e sempre e cando se requira unha cobertura áxil ou urxente para atender ás demandas de persoal.

Agás naqueles casos nos que en virtude dunha subvención outorgada ao efecto ou outra normativa de referencia así o estableza, a presente bolsa de traballo será a canle única de selección do persoal funcionario interino para a cobertura das prazas temporais de educador/a social.

As prazas vacantes de carácter temporal correspondentes á categoría sinalada, que poderán ser cubertas mediante unha das persoas integradas na Bolsa de Traballo serán aquelas que se produzan como consecuencia dalgún dos seguintes supostos, consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP) e ao artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira
- b) A substitución transitoria das persoas titulares dos postos
- c) A execución de programas de carácter temporal
- d) O exceso ou acumulación de tarefas, por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses.

As retribucións básicas serán as correspondentes ao grupo de clasificación de funcionarios A/subgrupo A2, o nivel de Complemento de Destino e o complemento específico determinarase co chamamento correspondente. As funcións a realizar serán as correspondentes aos programas de educación familiar, voluntariado, participación social e inserción social.

2ª.- Requisitos:

Para poder participar no proceso selectivo os aspirantes haberán de reunir, con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
 - b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
 - c) Estar en posesión do título de diplomatura universitaria en educación social, do título de grao en educación social. Ou estar habilitado/a polo Colexio de Educadoras e Educadores Socias de Galicia para o exercicio da profesión en Galicia.
 - d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
 - e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación

3ª.- Presentación de instancias

As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse ao señor Alcalde e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 5 días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As bases publicaranse na páxina web do Concello (www.sada.gal) e na sede electrónica (<https://sede.sada.gal>)

Nas instancias os aspirantes:

- Farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 2ª
- Facilitarán os datos de teléfono e enderezo electrónico necesarios para facer efectivo o chamamento conforme á Base 9ª.
- Declararán se desexan o texto dos exames en galego ou castelán.
- Achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

- a) Copia do DNI ou, no seu caso, pasaporte.
 - b) Xustificante de pago das taxas de participación (base 4ª).
 - c) No seu caso, copia do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou equivalente.
- Pódese obter un modelo de instancia de participación en probas selectivas do Concello de Sada nas dependencias municipais ou na seguinte ligazón de internet: <https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> (apartado varios)
- A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria, así como o consentimento do solicitante para o tratamento dos seus datos



persoais coa finalidade de levar a cabo a selección. Así mesmo, os solicitantes prestan o seu consentimento para que o seu nome e número de documento identificativo sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello para todo o relacionado co proceso selectivo.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros administrativos ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, os solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia escaneada da solicitude presentada e rexistrada, ao correo electrónico: persoal@sada.gal indicando como asunto: PS LISTTSOC 19 outros rexistros/correos.

4ª.- Taxas de participación:

As taxas de participación do proceso selectivo son de vinte euros (20,00€), consonte á Ordenanza fiscal núm.6, que se ingresarán -indicando como concepto: Taxas PS 35-19 LISTESOC e o DNI do aspirante- nunha das seguintes contas do Concello de Sada:

ABANCA ES24/2080/5161/8731/1000/5369

BANCO PASTOR ES55/0238/8109/9606/6000/0173

Serán devolτος unicamente no caso de que o/a aspirante non sexa admitido ao proceso selectivo, é dicir, se resulta excluído definitivamente.

A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e no poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

5ª.- Admisión de aspirantes.-

5.1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, e na páxina web municipal (www.sada.gal), declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 3 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución para emenda de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

5.2.- Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal (www.sada.gal).

6ª.- Tribunal cualificador.

O Tribunal estará formado por un Presidente, Secretario e 3 vogais, designándose un suplente para cada un dos integrantes.

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido no artigo 60 do TREBEP. Todos os vogais deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 29 da mesma lei.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección. O nomeamento dos asesores/as especialistas realizarase por resolución da Alcaldía.

Para os efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría 2ª das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7ª.- Contido, desenvolvemento e cualificación dos exercicios: A resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal: www.sada.gal, fixará tamén a data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo das probas selectivas. As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocadas en chamamento único, quedando excluídos do proceso selectivo as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

O desenvolvemento da fase de oposición será o seguinte:

A fase de oposición e única valorarase de 0 a 10 puntos e constará de:



1º exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Caso práctico: consistirá na resolución de dous supostos prácticos relacionados con varios dos temas establecidos no anexo I da convocatoria, nun tempo máximo de dúas horas. Cada suposto valorarase cunha puntuación de 0 a 5 puntos.

Valorarase fundamentalmente a formación xeral, a correcta redacción, a capacidade de raciocinio e de análise, e a correcta aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dos supostos.

2º exercicio: Coñecemento da lingua galega. Consistirá na tradución directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatorio a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de coñecemento da lingua establecido na base 3ª.

Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para superar a proba.

Na realización e corrección dos exercicios o tribunal garantirá o anonimato das persoas aspirantes.

Cualificación definitiva. - A cualificación final será a obtida no primeiro exercicio da fase de oposición, que se valorará de 0 a 10 puntos, debendo obterse un mínimo de 5 para poder declararse apto e integrar a bolsa. De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor de aquel que acadase maior nota no primeiro suposto práctico e de persistir por sorteo.

8ª.- Resultados da selección

Na acta da última sesión incluírase a relación dos aspirantes que superaran todos os exercicios da oposición, pola orde de cualificación definitiva.

Finalizadas as probas, o Tribunal fará pública no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a relación de aprobados por orde de puntuación e elevará a dita relación á Presidencia da Corporación como proposta para que resolva a súa aprobación como Lista de Emprego para a provisión interina de prazas, que se publicará en igual forma.

No prazo de tres días desde a publicación da relación de aprobados os aspirantes integrantes da mesma achegarán ante a Administración os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Copia cotexada do título esixido nas presentes bases.
- Copia cotexada do CELGA 4 ou titulación equivalente que presentaran coa instancia a efectos de exención do segundo exercicio se non a achegaran con anterioridade.
- Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser incluídos na bolsa de emprego, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

9ª.- Formación da bolsa de emprego, funcionamento e xestión do chamamento

9.1 A aprobación definitiva da bolsa de emprego realizarase por resolución do Alcalde que se publicará no taboleiro e na web municipal.

A vixencia desta bolsa é de tres anos, prorrogable ata outros tres anos mais en caso de que sexa necesario para o normal funcionamento do servizo.

Producida algunha das situacións de necesidade de persoal especificadas na base 1ª procederase ao chamamento da persoa a quen corresponda segundo a orde de prelación na lista.

Os chamamentos das persoas aspirantes faranse mediante notificación electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia, anunciada mediante chamada telefónica e correo electrónico simultaneamente, entre as 8:00 e as 15:00 horas e o/a funcionario/a que os efectúe fará constar mediante dilixencia a súa realización e se tivo ou non resposta, dando un prazo de tres días hábiles para aceptar ou renunciar. A falta de resposta no prazo indicado supón, agás casos de forza maior debidamente acreditados, a exclusión da bolsa de emprego.

A persoa aspirante chamada que acepte o nomeamento asinará unha declaración xurada en modelo que se lle facilitará, acreditando que segue cumprindo sen variación as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria ou indicando as variacións producidas desde a súa selección.

9.2. A orde de prelación das persoas aspirantes incluídas na bolsa irase modificando cos conseguíntes chamamentos de acordo coas seguintes regras:

- Se o/a aspirante está prestando servizos neste concello non se lle ofertará ningún posto de traballo ata que non conclúa a súa relación de prestación de servizos, agás que no novo posto se preveña unha duración superior a un ano.
- Se o/a aspirante chamado/a non puidese ser contratado/a por causa xustificada, conservará a súa orde de prelación na listaxe; en caso contrario, será excluído/a dela. Considéranse causas xustificadas:



- a) Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza ou período equivalente no caso de persoas desempregadas que se atopen en situacións similares.
- b) Incapacidade temporal ou enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada mediante parte de baixa, ou certificado médico expedido pola seguridade Social
- c) Incoación de dilixencias xudiciais en casos de ser vítima de violencia de xénero
- d) Coincidencia coa celebración de matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditada mediante documento público, durante o período de duración do permiso ou licenza.
- e) Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso ou licenza.
- f) Coidado directo de menores de 0 a 3 anos ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, por razón de idade, enfermidade ou accidente, sempre que se acredite a situación de dependencia ou a necesidade de asistencia por outra persoas
- g) Estar a prestar servizos nunha Administración pública, empresa ou exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo
- h) Outras causas análogas debidamente xustificadas, discrecionalmente apreciadas pola Alcaldía.

En todos os casos, a causa de rexeitamento deberá quedar acreditada no expediente, aportándose pola persoa interesada a documentación xustificativa no prazo de 3 días hábiles.

- Serán excluídos da bolsa de emprego as persoas integrantes que unha vez contratadas renunciaren ou que fosen separadas do servizo por sanción disciplinaria.

- Unha vez rematado o contrato de traballo, e con independencia da duración deste, a persoa retornará ao posto que ocupaba na orde de prelación na lista.

10ª.- Presentación de documentos e toma de posesión

No prazo de tres días hábiles a contar desde a notificación do chamamento, a persoa chamada deberá asinar unha declaración xurada en modelo que se lle facilitará, acreditando que segue cumprindo sen variación as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria ou indicando as variacións producidas desde a súa selección e presentará os seguintes documentos:

- Certificado médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto.
- Certificado oficial de acreditación de non ter antecedentes de delitos de natureza sexual.

Cumpridos os requisitos sinalados, a Alcaldía ditará a resolución de nomeamento a favor da persoa que corresponda na que se expresará a obriga do nomeado de dar cumprimento dentro do prazo posesorio ao disposto no artigo 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro sobre incompatibilidades.

A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte ao de notificación do nomeamento, previa prestación de xuramento ou promesa conforme dispón o Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

Mentres non tome posesión do posto e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa nomeada non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

11ª.- Normas finais.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia, no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real Decreto 364/1995 e demais lexislación vixente de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na Base 3ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello ou a páxina web municipal (www.sada.gal).

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei do Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

Anexo I

Materias xerais:

- 1.- A Constitución Española do 1978. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- 2.- O municipio. Competencias e organización. Órganos de goberno e administración do municipio.
- 3.- O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.
- 4.- O procedemento administrativo común. As fases do procedemento administrativo.
- 5.- O persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Dereitos e deberes. Incompatibilidades.



6.- Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereitos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

Materias específicas:

- 1.- A acción social. Concepto e etapas históricas. Política social.
- 2.- O Sistema Galego de Servizos Sociais. Principios. Titulares dos dereitos e dos deberes das persoas en relación cos servizos sociais.
- 3.- Estrutura do sistema de servizos sociais. Servizos sociais comunitarios básicos. Servizos sociais comunitarios específicos. Servizos sociais especiais.
- 4.- O Regulamento dos servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- 5.- A prestación dos servizos sociais. Formas de prestación.
- 6.- A inspección dos servizos sociais. As obrigas das entidades.
- 7.- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia. Definición, obxectivos. Persoas beneficiarias.
- 8.- Tramo persoal e familiar da Renda de inclusión social de Galicia.
- 9.- Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia, de Galicia.
- 10.- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- 11.- Plan de Inclusión e rede de equipo de inclusión sociolaboral.
- 12.- Programas e servizos nos servizos sociais comunitarios básicos. Servizo de educación e apoio familiar.
- 13.- Programa de fomento da cooperación e solidariedade social.
- 14.- Programas e servizos dos servizos sociais comunitarios específicos.
- 15.- Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar no concello de Sada.
- 16.- O Plan Coordinador de servizos sociais no consorcio de As Mariñas.
- 17.- Os malos tratos na infancia. Identificación e tratamento. Recursos dende os servizos sociais comunitarios
- 18.- O acollemento familiar. Concepto. Obxectivos. Tipos de acollida.
- 19.- Mediación Familiar. Concepto. Obxectivos. A mediación familiar en Galicia.
- 20.- Decreto 96/2014, do 3 de xullo polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.
- 21.- Os equipos do menor: competencias. Procedemento para a declaración de desamparo e asunción da tutela administrativa.
- 22.- A entrevista como técnica en intervención social.
- 23.- O proceso de intervención nas unidades de traballo social nos servizos sociais comunitarios.
- 24.- Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria. Concepto. Sectores de actuación. Relación entre as persoas voluntarias e as entidades.
- 25.- Procedemento para a incorporación das persoas voluntarias aos programas.
- 26.- Recursos en Galicia para a atención as problemáticas de alcoholismo.
- 27.- O modelo de emprego con apoio. Definición e modalidades.
- 28.- O Código Deontolóxico dos Educadores Sociais. Principios, Valores e Deberes.

Dilixencia.- Estas bases foron aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm.2368/2019, do 5 de decembro Sada na data da sinatura dixital
A secretaria xeral